

# COVID-19 AL SALIR DE CASA



16 junio 2020

Consulta fuentes oficiales para informarte  
[www.mscbs.gob.es](http://www.mscbs.gob.es)  
 @sanidadgob

#ESTE VIRUS  
 LO PARAMOS  
 UNIDOS



## PROTOCOLO E NORMATIVA DO SERVIZO MUNICIPAL CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE TUI: IGUAL E +

Realizado pola empresa KOREMI XESTIÓN en base ás medidas establecidas polos diferentes organismos oficiais e asesorados e formados por parte do noso servizo de prevención de riscos "Taprega Prevención de Riesgos S.L."



## ÍNDICE

### INTRODUCCIÓN E PRESENTACIÓN

#### **1. MEDIDAS PREVENTIVAS DO EQUIPO EDUCATIVO:**

- 1.1.- Vocabulario básico.
- 1.2.- A miña máscara- cal é, cando debo usala e coma debo cuidala.
- 1.3.- DIRECTORES/AS- COORDINADORES/AS HIXIÉNICO-SANITARIOS.
- 1.4.- Para todos/as

#### **2.- PROTOCOLO NO SERVIZO**

- 1.- SERVIZO
- 2.- GRUPOS
- 3.- ENTRADAS E SAÍDAS
- 4.- MEDICIÓN DE TEMPERATURA
- 5.- HIXIENE DE PÉS
- 6.- HIXIENE DE MANS
- 7.- MÁSCARA
- 8.- ESPAZO INDIVIDUALIZADO
- 9.- MEDIDAS BÁSICAS COS NENOS E NENAS
- 10.- RATIOS NENO/A-MONITORADO
- 11.- MATERIAL DE ACTIVIDADES

#### **3. MEDIDAS DE HIXIENE QUE DEBEN CUMPRIR AS INSTALACIÓNS**

1. MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS
2. HIXIENE DIARIA DE INSTALACIÓN
3. HIXIENIZACIÓN DE ESPAZOS COMÚNS
4. HIXIENIZACIÓN DE BAÑOS

#### **4. OUTRA NORMATIVA E RECOMENDACIÓNS ÁS FAMILIAS E PARTICIPANTES**

#### **5. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE A APARICIÓN DE SÍNTOMAS E CONFIRMACIÓN DE CONTAXIO.**



## INTRODUCCIÓN E PRESENTACIÓN

Estimados/as familiares:

Mediante a presente queremos darlle a benvida ao SERVIZO MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN “IGUAL E +” que terá lugar o mes de setembro, do 1 ao 9, organizado polo CONCELLO DE TUI e do cal a empresa KOREMI XESTIÓN será a encargada directa da súa xestión.

Somos conscientes da situación na que nos atopamos e coñecedores da realidade á que nos temos que afrontar este ano á hora de realizar actividades de lecer educativo, polo que non dubiden en ningún momento queridas familias que o Concello de Tui, a nosa empresa e o noso equipo educativo vai poñer todo da súa parte para que este campamento se poida desenvolver coas máximas garantías posibles. Somos conscientes do momento no que nos atopamos, por iso, conxuntamente co noso equipo de prevención de riscos, en base ás medidas establecidas polos diferentes organismos oficiais e en base á experiencia que atesouramos dende o ano 2003 deseñamos unha serie de protocolos e normativa para facer unha actividade segura e por suposto educativa e divertida.

Tamén temos que pedirvos e apelar á vosa responsabilidade individual xa que dentro da actividade nos imos poñer todas as medidas necesarias pero non podemos ter o control sobre o que pasa fora do campamento.

Pedísmoslles que lean atentamente os protocolos e a normativa que aquí expoñemos e que remitan a documentación obrigatoria que lles solicitamos cuberta e asinada, podendo facelo prioritariamente por email.

Esperando que os/as seus/súas fillos/as disfruten deste campamento, aproveitamos a ocasión para saudarlles moi atentamente.



## 1. MEDIDAS PREVENTIVAS DO EQUIPO EDUCATIVO

### 1.1.- VOCABULARIO BÁSICO:

- COVID 19 - Coronavirus
- Hixienizar- desinfectar
- Máscaras. Tipos.
- Kits de autolimpeza: pulverizador, xel, etc.

### 1.2.- A miña máscara- ¿cal é? ¿cando debo usala e como debo coidala?.

### 1.3.- DIRECTORES/AS- COORDINADORES/AS HIXIÉNICO-SANITARIOS

Os/as directores/as e COORDINADORES/AS DE SEGURIDADE HIXIÉNICO-SANITARIA terán, ao igual por suposto que o equipo de monitorado unha labor se cabe mais fundamental este ano.

- É fundamental na súa labor que transmitan aos equipos a relevancia dos protocolos, e asegurarse de que non haxa dúbidas e os teñen interiorizados.
- É igual de fundamental que non se relaxarán no cumprimento das medidas porque todos os días é o mesmo virus.
- É OBRIGATORIO que leven un rexistro de hixienización.
- É imprescindible que coñezan os pasos que teñen que dar en caso de positivo ou de sospeita, garden a calma e cumbran co protocolo estrictamente.
- A tipoloxía de campamento cambia un pouco porque o equipo de monitorado van estar “sos” cos nenos e nenas do seu grupo todo o tempo.
- Asegurarase de que a limpeza dos servizos posteriores ao servizo é a axeitada.
- Comunicarán con antelación a necesidade de repoñer material hixiénico-sanitario.

### 1.4.- PARA TODO O EQUIPO DE MONITORADO.

- **É OBRIGATORIO o uso dos EPIS:** neste caso, é obrigatorio utilizar a mascarilla FFP2 SEMPRE e na totalidade do tempo de traballo, e luvas cando se precise.
- Todo o noso persoal firmará, ao igual cas familias, unha declaración responsable, onde garantan que a súa saúde durante os 14 días previos á entrada ao campamento foi a adecuada e non sufriu nin tose, nin febre, nin cansazo ou falta de aire.
- Para nós é fundamental e prioritario que TODO O PERSOAL coñezan exactamente os protocolos de seguridade hixiénico-sanitaria, que coñezan e sepan con anterioridade utilizar o material necesario.
- Reunións de avaliación programación: primaremos tanto coma se poda o TELETRABALLO tanto para programar coma para avaliar.



- Manterán unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcolicas.
- Velarán porque os/as nenos/as ao seu cargo interioricen e cumbran os protocolos do campamento.
- Tendo en conta que cada monitor/a estará só co seu grupo, a cada monitor/a dotaráselle para que leven enriba dunha mochila/bolsa con: un bote de xel hidroalcolico, un difusor con líquido para hixienizar, papel, un pequeno botiquín, guantes e as bolsas ticadas cos nomes onde se gardarán as mascas dos/as nenos/as .

## 2.- PROTOCOLO A SEGUIR NO PROGRAMA

O protocolo adaptarase especificamente a partir das seguintes premisas xerais ás instalacións.

1.- **SERVIZO:** O servizo está dirixido a nenos/as entre 3 e 12 anos de idade.

2.- **GRUPOS:** dependendo da demanda e unha vez avaliadas as inscricións contanremos coa ratio establecida (1 monitor/a + 10 nenos/as).

3.- **ENTRADAS E SAÍDAS:**

Establécense franxas horarias tanto na entrada coma na saída que serán notificados por email co fin de non xerar aglomeracións:

- Trataremos de utilizar máis dunha porta de acceso se fose posible.
- Os familiares á entrada deixarán aos/ás nenos/as a unha distancia precisa que marcaremos no chan e os/as recollerán mediante o mesmo sistema.

**A entrada do/a ou nena seguirá o seguinte protocolo:**

4.- **MEDICIÓN DE TEMPERATURA-** Á chegada do/a neno/a e como medida de seguridade comprobarase a temperatura mediante os termómetros a distancia. Por cumprimento coa lei orgánica de protección de datos os datos da temperatura non se recollerán. Se é correcta (non supera os 37,1°C) pasará ao campamento, senón terá que volver para a súa casa.

5.- **HIXIENE DE PÉS:** os nenos e nenas pasarán por dous felpudos. No primeiro simplemente limparán o calzado, no seguinte que estará humedecido en líquido hixienizante mollaran a sola.

6.- **HIXIENE DE MANS:** botarémolles nas mans xel hidroalcolico para que pasen.

- O respecto deste protocolo haberá cartelería axeitada na entrada.

7.- **MÁSCARA:** É OBRIGATORIO QUE CADA NENO/A, TRAI A SÚA CORRESPONDENTE MÁSCARA , **mínimo unha máscara hixiénica ou quirúrxica** (que non traían máscara de tela por favor). Se é unha de máis protección mellor.

- Os/as nenos/as non deixan a máscara ata chegar co seu grupo. Unha vez chegue, entregaranlla ao/á monitor/a que a meterá na súa bolsa correspondente.
- Durante as saídas TODOS/AS temos que levar a máscara posta SEMPRES.



**8.- ESPAZO INDIVIDUALIZADO:** Sinalarase de forma axeitada un espazo individualizado para cada neno/a, separado 1,5 metros do espazo de calquera compañeiro/a. Nese espazo o/a usuario/a deixará:

- A súa mochila cada día ao chegar .
- Unha mochila de muda que quedará nese espazo todo o servizo.
- A súa bolsa individualizada de obradoiros.
- Con respecto á Mochila: Recomendamos que a roupa e todo o material vaia marcado co nome do/a rapaz/a. A organización non se fai responsable das posibles perdas e a maiores o primeiro día recomendamos traer unha mochila de muda que quedará nese espazo todo o servizo.
- Nesta Mochila os/as nenos/as deberían traer:
  - AUGA: Unha ou dúas botellas, preferiblemente en envase que conserve o frío.
  - ALMORZO (MEDIA MAÑÁ): pedísmoslles que por favor lles envíen un almuerzo fácil de comer para os/as nenos/as xa que o noso equipo educativo na medida do posible non debe tocar esta comida (poder ser un bocadillo e froita xa pelada e cortada),
  - \*Observación: con respecto á CREMA SOLAR debe vir xa posta dende a casa

**Este espazo é de uso único do neno/a e terá que ter o seu nome.**

## **9.- MEDIDAS BÁSICAS COS NENOS E NENAS:**

Os nenos e nenas hixienizarán as mans o rematar cada actividade ou canda xurda calquera situación que o faga preciso. Se estamos no campamento procuraremos facer un lavado de mans nos baños se non puidese ser (hai outro grupo) o faremos co xel hidroalcolico que teñen os/as monitores/as.

Os nenos e nenas dos diferentes grupos NON PODEN xuntarse entre eles.

Por norma xeral o 100% das actividades se farán no exterior. No caso de ter que utilizar instalacións, ESTARÁN VENTILADAS.

Os dous primeiros días de campamento traballaremos nas programacións no deseño por parte dos nenos e nenas da sinalización interna do campamento (direccións, pasos cortados, semáforos, etc), así coma no desenvolvemento de hábitos (canción para lavar as máns según recomendación da OMS)

**10.- RATIOS NENO/A-MONITORADO:** A medida xeral é que realizaremos grupos detallados en número a continuación que **NON SE INTERRELACIONARÁN ENTRE ELES**. Terán o seu propio material que non compartirán con outros grupos. Desta forma, no caso de ter un positivo, as autoridades sanitarias terían que poñer en cuarentena soamente a ese grupo.



Aínda que se publicaron nas últimas recomendacións da Xunta outras ratios ben confusas e se permite según eles facer subgrupos de 15 usuarios/as, como criterio de empresa **a nosa ratio será a de 1/10 e sen relación entre grupos.**

Existirá no campamento un/ha DIRECTOR/A E COORDINADOR/A DE SEGURIDADE E HIXIENE que non pode participar nas actividades.

No caso de facer saídas, o/a director/a acudirá de apoio.

#### 11.- MATERIAL DE ACTIVIDADES:

- Se hixienizará o material antes e despois do seu uso segundo indica o protocolo. Non se empregarán materiais acuosos.
- Non se realizarán actividades que impliquen compartir comida, coller obxectos coa boca ou similar.
- Deixaremos no espazo de cada neno/a unha **BOLSA DE OBRADOIROS** de uso unipersoal, na cal o usuario disporá de todo o material que vai necesitar no caso de realizar algún (tesoiras, gomets, pegamento, pinturas, etc).
- Dependendo do espazo haberá o que chamaremos sitios “estancos”. Estes son tappers onde cada vez que un/ha monitor/a considere que un material debe ser HIXIENIZADO o debe deixar ahí. Este material se quedará ahí pechado ata que o/a COORDINADOR/A DE SEGURIDADE E HIXIENE o leve o hixienice e o volte a seu lugar habitual. Exemplo: (se unha pelota do grupo A marcha botando e a recolle un neno do grupo B, esa pelota irá o “ESTANCO” máis cercano a hixienizarse.)



### 3. MEDIDAS DE HIXIENE QUE DEBEN CUMPRIR AS INSTALACIÓNS

#### 1. MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS

- O noso equipo disporá de materiais e produtos de limpeza (a maiores da limpeza xeral que teñen que recibir as instalacións. Luvas de nitrilo, vinilo u outro tipo de material non poroso que garantice o cumprimento do estipulado. Máscaras segundo postos e normativa.
- Teremos produtos de desinfección e SO O RESPONSABLE DE SEGURIDADE E HIXIENE pode facer as mezclas que dependendo do produto que indicará con permanente nas garrafas.
- En tablets, teléfonos ou similares, se utilizará para desinfectar alcohol.
- Poremos bolsas de lixo nas papeleiras que se librarán a diario.
- Nos baños ten que haber xabón.
- As superficies deberán limparse con papel.

#### 2. HIXIENE DIARIA DE INSTALACIÓN

- Levaráse un **rexistro dixital** de actuacións nos diferentes espazos do campamento rexistrando a hora, data e responsable da actuación. Ese rexistro será responsabilidade do/da coordinador/a de seguridade e hixiene.
- Limpar con papel desechable (no canto de con trapos ou baietas)
- Facer unha aplicación directa (a barullo sobre a superficie ou no papel) no canto de pulverizar (para non levantar partículas).
- Na folla de rexistro indicaranse as deficiencias ou falta de material para a súa inmediata reposición.

#### 3. HIXIENIZACIÓN DE ESPAZOS COMÚNS

- Os espazos comúns terán que hixienizados por un servizo de limpeza profesional o cal non quita que, por exemplo nos baños, cada vez que un neno/a vaia o noso equipo terá que hixienizar co pulverizador.
- É fundamental manter os espazos ventilados. O/A COORDINADOR/A HIXIÉNICO-SANITARIO, velará porque esto se cumpra.
- Hixienizaremos a diario o resto de superficies facendo especial fincapé en pomos, varandas ou superficies.
- Colocación de papeleiras con dobre bolsa para facilitar a súa recollida diaria.
- Non se permitirá o uso libre das fontes de auga polos participantes.





#### 4. HIXIENIZACIÓN DE BAÑOS

- Terán que ter dispensadores de xel desinfectante e papel de mans.
- Duplicar polo menos a hixienización diaria dos inodoros, especial fincapé e frecuencia naqueles que estean accesibles en zonas comúns ou de actividade.
- Colocación de papeleiras con dobre bolsa para facilitar a súa recollida diaria.
- Valorarase ampliar a frecuencia de recollida en función do volume de residuos.

#### 4. OUTRA NORMATIVA E RECOMENDACIÓNS ÁS FAMILIAS E PARTICIPANTES

- Para participar nos campamentos, todas as familias deberán aceptar unha declaración responsable, onde garantan que a saúde do/a neno/a durante os 14 días previos á entrada ao programa foi a axeitada e non sufriu nin tose, nin febre, nin cansazo ou falta de aire.
- Ademais de non estar en contacto con ninguén coa devandita sintomatoloxía.
- É máis importante que nunca que teñades clara e interiorizada a informacion hixiénico-sanitaria.
- No caso que durante o trascurso da actividade se declare un caso de contaxio na unidade familiar dun participante, comunicarase directamente á empresa organizadora.
- A empresa organizadora comunicará a situación aos servizos sanitarios e seguirá o procedemento indicado por eles.
- Pedirase as familias que sigan as recomendacións hixiénico-sanitarias apelando a responsabilidade individual e de cada núcleo familiar en canto ao tempo que os nenos e nenas non están no campamento para poder garantir a saúde de todos e todas.



## 5. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE A APARICIÓN DE SÍNTOMAS E CONFIRMACIÓN DE CONTAXIO.

- Ante a aparición de síntomas unha vez se está na instalación e/ou durante o desenvolvemento dunha actividade, o/a participante e o/a seu/súa monitor/a en cuestión deberá interromper dita actividade informando o/a coordinador/a, así como manter a distancia e medidas de seguridade establecidas previamente.
- Tras a notificación de síntomas, o/a coordinador/a deberá contactar co centro de saúde correspondente para notificalo e recibir instrucións, así como á familia, para que sexan conscientes da situación.
- No caso que os servizos sanitarios aconsellen a un participante, tras a súa avaliación, o illamento por posible sintomatoloxía relacionada con a enfermidade, os familiares no caso de que os servizos sanitarios o consideren deberán recollelo tras a comunicación nun prazo máximo de 2 horas.
- Ante un positivo por COVID-19 seguiranse en todo momento as recomendacións dos servizos sanitarios, e actuarase coordinadamente cos mesmos.
- Notificarase ás familias e titores/as a presenza dun caso positivo de COVID-19 no programa.
- Deberase informar da existencia dun positivo ao resto de participantes, monitores/as, persoal implicado e responsables da organización.
- Seguindo as instrucións da autoridade sanitaria, poderase decretar a cancelación da actividade e o peche temporal do espazo para a súa desinfección.
- Coordinarase a recollida dos/as participantes aos seus domicilios, derivándoos aos seus sistemas sanitarios de referencia para as actuacións sanitarias que resulten pertinentes.
- Peche da instalación a curto prazo para limpar/desinfectar en profundidade e preparalo para poder continuar coa actividade.